

GUÍA DE ACTUACIÓN PARA PAIS/NAIS DE ALUMNOS

- 1- Todo pai/nai de alumno debe valorar se o seu fillo/a está en condicións óptimas para acudir ó centro docente, dada a situación de pandemia actual.
- 2- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, O ALUMNADO NON ACUDIRÁ BAIXO NINGÚN CONCEPTO Ó CENTRO DOCENTE.
- 3- Ante a dúbida de cal pode ser sintomatoloxía compatible adxuntamos o ANEXO I. En todo caso, o/a alumno/a con 37 OU MÁIS GRAOS DE TEMPERATURA, DEBERÁ MANTERSE NO SEU DOMICILIO.
- 4- O pai/nai do alumno/a deberá porse en contacto telefónico co seu centro de saúde de referencia. É decir. Aquel onde teña o/a súa pediatra ou médico/a de atención primaria.
- 5- En caso de non poder ser atendido polo seu/súa pediatra, deberá porse en contacto co seu servizo de urxencias de referencia/PAC tamén de maneira telefónica.
- 6- Se o pediatra ou o/a médico de urxencias, considera que o alumno/a ten síntomas de gravidade, indicarlle que acuda de maneira presencial ó centro de referencia.
- 7- Se os síntomas son leves, seguirase o caso telefónicamente para evitar contaxios; dada a situación actual. Valorando a necesidade de illamento e probas complementarias de COVID (PCR) en caso de ser necesario.
- 8- MENTRAS NON SE TEÑA CONSTANCIA DE CAL É A PATOLOXÍA DO ALUMNO/A, ESTE E O SEU ENTORNO DEBERÁN SEGUIR

RIGUROSAMENTE AS INDICACIÓNS DO PROFESIONAL MÉDICO QUE OS ATENDA. FACENDO ILLAMENTO ESTRICTO EN CASO DE QUE ASÍ SE DISPOÑA. ESTE SERÁ SEMPRE O PUNTO MÁIS IMPORTANTE

9- NON SERÁ NECESARIO NINGÚN XUSTIFICANTE MÉDICO PARA AUSENTARSE DO CENTRO DE ENSINO, tal e como o indica o protocolo da Xunta de Galicia. Abondará co comprobante do/a pai/nai ou titor/a legal para tal efecto.

10- Se alguna persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ó centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro. ESTAS AUSENCIAS TAMPOUCO PRECISARÁN DE XUSTIFICANTE MÉDICO DO FACULTATIVO PARA A SÚA ACREDITACIÓN.

11- ANTE CALQUERA DÚBIDA POR PARTE DOS PAIS/NAIS SEMPRE TERÁN O TELEFONO COVID DE CONTACTO PARA CASOS LEVES 900-400-116. EMPREGANDO SÓ O TELÉFONO 061 EN CASO DE EMERXENCIA.